



RENOVACIÓN 2017 – 2018

BOS DÍAS COLE
COMEDOR ESCOLAR
TARDES DIVERTIDAS

Prazo: do 1 AO 31 DE MARZO do 2017

Para facer a **RENOVACIÓN** (usuarios/as fixos/as actuais dos servizos):

- **Usuarios/as con acceso a internet:**

1. Acceder á páxina web do Concello www.concellodeames.gal ou á páxina www.conciliames.org. Coa clave de usuario e contrasinal poderá consultar os datos existentes no Departamento de Educación, revisar, modificar estes e cubrir a solicitude de renovación. Opcionalmente pode calcular o custo dos servizos. Este cálculo será orientativo, suxeito á comprobación do expediente por parte do Departamento de Educación. No caso de non ter as citadas claves poderá solicitálas desde a mesma páxina.

2. Solicitar á Recadación Municipal, no enderezo electrónico ames@canaltributos.com, a autoliquidación de taxas para o(s) servizo(s) que vaia a renovar (12,00€ por servizo e neno/a).

3. **Pagar as taxas de matrícula:** é condición indispensable o pago das taxas para a renovación.

4. **Imprimir, asinar e presentar a solicitude de renovación e o mandato SEPA**, de luns a venres de 9:00 a 14:00 h nos seguintes rexistros:

- Rexistro do Departamento de Educación (Pazo da Peregrina)
- Rexistro da oficina municipal do Milladoiro
- Rexistro do concello en Bertamiráns.

- **Os/as usuarios/as que non dispoñan de acceso a internet** poderán realizar o trámite no Departamento de Educación, sito no Pazo da Peregrina, ou na oficina municipal do Milladoiro, para o que deberán solicitar unha **cita ao teléfono 981-884-991**.

O día e hora asignado, para a cita será necesario indicar o IBAN, o BIC e os datos do/a titular da conta para a domiciliación dos recibos coa finalidade de cubrir o impreso.

Só se entregará a documentación relativa á unidade familiar que **non conste** no Departamento de Educación ou non estea **debidamente actualizada**.

Aquelas persoas que desexen solicitar BONIFICACIÓN DE TAXAS para o CURSO 2017 - 2018 terán que presentar a solicitude cando formalicen a renovación, e entregar a documentación que se requira segundo o caso. Poderá consultar a documentación necesaria nas páxinas web sinaladas anteriormente.

PARA QUE A RENOVACIÓN SEXA EFECTIVA é condición indispensable estar ao día no pagamento dos servizos do concello de Ames, e en xeral non ter débedas co Concello.

INFORMACIÓN: NO DEPARTAMENTO DE EDUCACIÓN (PAZO DA PEREGRINA), TELF: 981 891 476 ou no correo electrónico educacion@concellodeames.gal.

IMPORTANTE: NON RENOVAR EN PRAZO SUPORÁ A PERDA DA PRAZA PARA O VINDEIRO CURSO.